



## CLUB NATACIÓN FERROL

C/Emilia Pardo Bazán s/n  
C.P. Javier Gómez Noya  
15406 Ferrol

### Convocatoria Asemblea Xeral 01/20 extraordinaria

Estimados socios, estimadas socias:

Segundo cos trámites recollidos na normativa vixente para a conclusión das convocatorias de eleccións á Presidencia do CNF polo período 2020-2024, pola presente ficades convocados/as á Asemblea Xeral extraordinaria que terá lugar o vindeiro xoves 23 de xullo de 2020 ás 20:00h en primeira convocatoria e ás 20:15 h en segunda, no local do Galicia de Caranza, sito na Avda. Castela, 36, coa orde do día que se detalla a continuación:

#### ORDE DO DÍA

1. Lectura dos resultados das Eleccións á Presidencia do CNF e nomeamento oficial da presidenta do Club polo período 2020-2024.
2. Lectura do balance de xestión e informe económico da tempada 2016-2020.

Así mesmo, comunícovos que:

1. O censo para esta Asemblea pecharase no presente día.
2. Todos os socios/as deberán acreditarse ao comezo da Asemblea ou no momento no que se incorporen a esta, mediante a presentación do DNI ou documento identificativo. Unha vez acreditado daráselle a papeleta de votación, sen a cal non se poderá votar.
3. O procedemento para a delegación de voto é o establecido no artigo 15 dos Estatutos do CNF de 7 de setembro de 2012, polo cal realizarase a través da secretaría virtual até 48h antes da Asemblea.

Finalmente, rógovos que confirmedes a chegada desta convocatoria no correo [secretaria@natacionferrol.com](mailto:secretaria@natacionferrol.com).

Sen outro particular, un cordial saúdo deportivo

Ferrol, 18 de xullo de 2020

O secretario da Xunta Electoral,

A handwritten signature in blue ink, consisting of a large, stylized 'C' followed by a smaller 'B' and 'B', representing Carlos Barbeito Brandariz.

Asdo.: Carlos Barbeito Brandariz